

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

EXTRACTO da Orde do 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019 (código de procedemento ED431G).

BDNS (Identif.): 473959.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdns/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

As universidades do SUG que as destinarán aos centros de investigación do SUG que obteñan a acreditación como tales nesta convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

Axudas para a estruturación e mellora de unidades de investigación supragrupais, para acreditarlas como centros de investigación do SUG, entendidas como estruturas organizativas de investigación que integran recursos, capacidades e obxectivos para mellorar a súa eficiencia.

Estas axudas pretenden dous obxectivos:

a) A acreditación de unidades de investigación como «centros de investigación do SUG» segundo as súas capacidades e o resultado do proceso de avaliación en concorrência competitiva que se desenvolva ao abeiro desta convocatoria.

b) O financiamento dos seus proxectos estratéxicos de investigación, durante o período 2019-2022, para fortalecer as súas capacidades científicas; potenciar o liderado inter-



nacional da investigación feita en Galicia; impulsar a agregación de capacidades científico-técnicas, incluíndo a colaboración con outros centros, unidades e co tecido empresarial; mellorar a xeración de resultados de alto impacto científico, social e económico; contribuír á formación, atracción e incorporación de talento; incrementar a masa crítica de persoal investigador; e actuar como axentes tractores no Sistema galego de I+D+i.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

O importe total da convocatoria é de 20.480.000 €.

As axudas serán de aplicación por un período de 4 anualidades.

Nas anualidades de 2020, 2021 e 2022 a contía mínima da axuda que se concederá será de 400.000 €, dos que polo menos 320.000 € serán fondos Feder, e a máxima de 1.000.000 € dos que polo menos 800.000 € serán fondos Feder. Na anualidade 2019 aplícarase o mesmo criterio en función da puntuación obtida tendo en conta que a cantidade mínima será de 5.000 € e a máxima de 10.000 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

CVE-DOG: 2tw1fny5-6ld8-jw21-h2l7-rycl1trjoqn1

